



**DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO RELATIVA AO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO LAMAS DE FEÁS, NOS CONCELLOS DE BALTAR, OS BLANCOS E CALVOS DE RANDÍN (OURENSE), PROMOVIDO POR GREENALIA WIND POWER LAMAS, S.L.U. (CLAVE: 2022/0159)**

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en base ás súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece no seu artigo 7.1.a) que os proxectos comprendidos no seu anexo I someteranse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Entre os proxectos que figuran no dito anexo I atópanse, no grupo 3.i, os parques eólicos que teñan 50 ou máis aeroxeradores, ou máis de 30 MW ou que se atopen a menos de 2 km doutro parque eólico en funcionamento, en construción, con autorización administrativa ou con declaración de impacto ambiental.

Este sería o caso da actuación pretendida, dado que o parque atópase a unha distancia inferior aos 2 km do parque eólico de Codesas, actualmente en funcionamento.

Considerando o anterior, o proxecto someteuse ao trámite de avaliación de impacto ambiental ordinaria e, téndose practicado o referido procedemento, procede formular a correspondente declaración de impacto ambiental (DIA), de acordo co disposto no artigo 41 da dita Lei 21/2013.

## 1. INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO

### 1.1. Promotor e órgano substantivo

O promotor do proxecto é a sociedade Greenalia Wind Power Lamas, S.L.U. e o órgano substantivo a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

### 1.2. Obxecto do proxecto, descrición e localización

De acordo co estudo de impacto ambiental, o proxecto ten por obxecto a execución dun parque eólico de 33 MW de potencia total nos concellos de Baltar, Os Blancos e Calvos de Randín (Ourense), composto por 5 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias do cableado e un centro colector) que se localizarán dentro do polígono definido polas coordenadas UTM que se indican no punto 3 desta DIA.

As características principais do proxecto, segundo a súa configuración inicial, son as seguintes:

- Número de aeroxeradores: 5
- Modelo previsto: Siemens-Gamesa SG170
- Potencia nominal unitaria: 6,6 MW.
- Potencia total instalada: 33 MW.
- Altura de buxa: 115 m
- Diámetro de rotor: 170 m
- Orzamento (execución material): 27.113.086 €.




O parque contará coa infraestrutura necesaria para produción de enerxía eléctrica renovable para o cumprimento dos obxectivos do PNIEC no 2022 no que foi admitido a trámite.

En canto á evacuación da enerxía producida no parque efectuarase a través dunha liña aérea de 132 KV obxecto doutro proxecto.

O prazo estimado de execución do proxecto é duns 12 meses.

Inclúese a continuación un bosquejo do proxecto coa configuración reflectida no estudo de impacto ambiental.



### 1.3. Principais elementos ambientais da contorna

Segundo se informa no EsIA.

1. **Clima:** O área de estudo presenta un clima Mediterráneo Morno-Fresco, a temperatura media anual e de 10,90 °C e a precipitación media anual é de 993,80 mm.
2. **Atmosfera:** A calidade atmosférica da zona é media alta ao carecer de contaminantes atmosféricos e tratarse dunha zona moi venteada e na que non sobresaen actualmente focos de emisión contaminantes.
3. **Xeoloxía:** O parque eólico se asentará principalmente sobre rochas graníticas que foron emprazadas durante o ciclo Hercínico.
4. **Hidroxeoloxía:** Dados os materiais impermeables sobre os que se asenta o parque e que os mesmos non presentan fracturas, non se presentan acuíferos nin zonas de recarga que se poidan ver afectadas polo proxecto, polo que non hai perigo de alteración das augas subterráneas.



5. **Edafoloxía:** Os solos predominantes na zona son os Inceptisoles.
6. **Xeomorfoloxía:** A natureza litolóxica e o clima reinante configuran unha topografía característica. A arenización dos granitos deu lugar aos característicos tors e caos de bolos, moi frecuentes nesta área.
7. **Hidroloxía:** O curso de auga mais próximo ás posicións das máquinas é o regato de Cachasegunda, localizado a uns 245 metros ao norte da máquina 01. Todas as actuacións do parque se localizan fora da zona de policía de augas.
8. **Vexetación:** A maior parte da superficie está dedicada a plantacións de piñeiro silvestre, en diversas etapas de crecemento, a continuación aparecen formacións de mato e pes illados de especies arbóreas de carácter autóctono.
9. **Fauna:** Segundo os datos do inventario bibliográfico e documental poderían existir no entorno catro especies de aves en perigo de extinción, o aguia real (*Aquila chrysaetos*), a agachadiza común (*Gallinago gallinago*), o miñado real (*Milvus milvus*) e a avefría (*Vanellus vanellus*). Asemade, nas prospeccións sobre o terreo se detectaron varias zonas onde se poden atopar quirópteros.
10. **Zonas protexidas:** As instalacións do parque eólico non afectan directamente a espazos protexidos da rede Natura 2000, aínda que as instalacións se localizan na zona de transición dentro da reserva da biosfera denominada Reserva Transfronteiriza Geres-Xurés.

## 2. TRAMITACIÓN E ANÁLISE DO EXPEDIENTE

### 2.1. Resumo da tramitación

Por resolución do 2/09/2021 da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais declarouse a tramitación de urxencia dos procedementos administrativos correspondentes ao parque eólico Lamas de Feás (Nº expediente: N661A 2011/05-3-AT), promovido por Greenalia Wind Power Lamas, S.L.U, o que supón a redución á metade dos prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

O 18/03/2022 Greenalia Wind Power Lamas, S.L.U presentou escrito no que solicita que o período de información pública da instalación de referencia, fose por un prazo de 30 días no canto dos 15 días aos que se vería reducida en aplicación da Disposición Adicional Primeira da Lei 8/2009, así como da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento de iniciativas empresariais en Galicia, por ser declarada a tramitación de urxencia.

No DOG do 19/04/2022 publicouse o acordo de data 24/03/2022 polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, coa necesidade de urxente ocupación, a autorización administrativa de construción, o proxecto de interese autonómico e o estudo de impacto ambiental do parque eólico Lamas de Feás, situado nos concellos de Baltar, Os Blancos e Calvos de Randín, na provincia de Ourense por un período de 30 días, na mesma data publícase dito acordo no diario La Región.

O 03/05/2022 recíbese na Xefatura Territorial de Ourense o estudo de impacto ambiental actualizado do parque eólico Lamas de Feás, o cal substitúe ao anterior.

Con motivo da nova documentación actualizada e en cumprimento do sinalado no artigo 33.10 da Lei 8/2009 sométese de novo a información pública por un prazo de 30 días, Levándose a cabo coa inserción do correspondente anuncio da Xefatura Territorial de Ourense (Acordo de data 04/05/2022) no DOG do 06/06/2022. Na mesma data publícase dito Acordo no diario La Región.



En data de 26/10/2022 se recibe nesta Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático a documentación para iniciar a análise técnica do expediente.

O 18/11/2022 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático solicita diversas emendas ao expediente ambiental recibido o 26/10/2022

O 19/12/2022 o Servizo de Avaliación de Proxectos solicita informe da Dirección xeral de Patrimonio Natural en relación aos efectos sinérxicos e acumulativos do proxecto. O 21/12/2022 a Dirección Xeral de Patrimonio Natural remite resposta ao antedito informe.

En datas de 29/12/2022 e 04/01/2022 se recibiu a resposta do promotor aos distintos organismos consultados, o documento incluía unha redución no número de aeroxeradores de 7 a 5 máquinas, e a resposta ao requerimento da dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático de data 18/11/2022 e diversas alegacións ao expediente. O 13/01/2023 dáse traslado da nova documentación á Dirección Xeral de Patrimonio Natural a fin de valorala e informala.

O 15/01/2023 e o 20/01/2022 a Dirección Xeral de Patrimonio Natural e a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, respectivamente, emiten informe en resposta as alegacións do promotor e se considera completo o expediente.

## 2.2. Resumo do expediente

O expediente de avaliación de impacto ambiental contén, entre outra documentación, o estudo de impacto ambiental (EslA), o documento técnico do proxecto de execución, diversas addendas e documentación complementaria incorporada ao longo da tramitación, os anuncios e certificados de exposición pública, as alegacións ambientais e os informes recibidos como resultado dos trámites de información pública e de consultas sobre o EslA e as súas addendas ou documentación complementaria de ser o caso.

A avaliación non inclúe os aspectos de seguridade das instalacións e dispositivos eléctricos, de seguridade e saúde no traballo, de seguridade aérea, estradas e outros que posúan normativa reguladora e instrumentos específicos e se atopan fora do alcance da avaliación ambiental, nin todo aquilo que se atopa fora do ámbito da poligonal na que se pretende a execución do proxecto.

En canto aos informes, pódese indicar o seguinte:

1. A **Axencia de Turismo de Galicia**, en data 12/09/2022 informa que as afeccións á explotacións de parques eólicos e liñas eléctricas que poidan desvirtuar ou alterar o entorno da súa ubicación, modificando claramente a súa orixinalidade tanto na características que o definen como nos intereses turísticos particulares e xerais creados no entorno, é importante ter presente tamén criterios concretos nalgún dos casos imposibles de salvar que serán respectados no cumprimento da normativa turística aprobada e tidos en conta e que tratan de fomentar non só os aspectos económicos da nosa Comunidade Autónoma senón tamén protexer a súa entidade como rexión histórica e diferenciada das demais, foco dun turismo diferenciado.

Dado o alcance das actuacións que pretendese facer e segundo o estudo de impacto turístico achegado como documentación complementaria pódese concluír que o impacto que terá a Parque eólico Lamas de Feás no turismo rural local así como na súa contorna é reducido e que deberán ser atenuados polas medidas compensatorias e correctivas a incluír na Declaración de Impacto Ambiental.

2. A **Dirección Xeral de Emerxencias e Interior** en data 13/05/2022 informa que tras revisar a documentación se estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é baixo, sen prexuízo de que se puidera estar afectado polo Decreto 171/2010, sobre plans de autoprotección na



Comunidade Autónoma de Galicia, o titular deberá elaborar e implantar o plan, elaborado por técnico competente, e que deberá acompañar aos restantes documentos necesarios para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización, previamente á autorización de inicio da actividade por parte da autoridade competente.

Engade que o Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, recolle no seu anexo I aquelas actividades susceptibles de xerar situacións de grave risco colectivo, catástrofe ou calamidade e os centros ou instalacións que poden resultar afectados de maneira especialmente grave por situacións dese carácter, polo tanto, se é o caso, o titular deberá implantar, manter e revisar o seu propio plan de autoprotección, que é o documento que prevé as emerxencias que se poden producir a consecuencia da súa propia actividade e as medidas de resposta ante situacións de risco, de catástrofes e de calamidades públicas que podan afectar ao proxecto.

3. A **Confederación Hidrográfica do Miño-Sil** en data 16/08/2022 informa que tendo en conta o contido e nivel de detalle do estudo de impacto ambiental débense ter en conta, na redacción e execución do proxecto, as consideracións nel recollidas, en materias de afección ao dominio público hidráulico, afección a captacións, calidade das augas, e afeccións as zonas protexidas.

O 13/09/2022 o promotor da resposta ao antedito informe.

4. O **Concello de Baltar** en data 06/07/2022 informa que non posúe ordenanza específica respecto á protección acústica nin respecto a normas específicas de carácter ambiental como cheiros, calor, vibracións, emerxencias, autoprotección ou protección civil.

O 28/07/2022 o promotor da resposta ao antedito informe.

5. O **Concello de Calvos de Randín** en data 1/07/2022 informa que non conta con normativa de ningún tipo de carácter ambiental.

Os residuos urbanos producidos pola actividade deberán se depositados nas instalacións do punto limpo de Calvos de Randín ou en contedores que o Concello ten distribuído en diversos puntos dos núcleos de pooboación para a recollida do lixo.

O servizo de subministro de augas e vertido de augas municipais non conta con rede que chegue a este PE. No proxecto figura a existencia da instalación dun depósito de auga e dunha fosa séptica.

O 28/07/2022 o promotor da resposta ao antedito informe.

6. O **Concello de Os Blancos** en data de 05/07/2022 informa que non posúe ordenanza específica respecto á protección acústica nin respecto a normas específicas de carácter ambiental como cheiros, calor, vibracións, emerxencias, autoprotección ou protección civil.
7. A **Dirección Xeral de Defensa do Monte** en data 06/07/2022 informa que tendo en conta os condicionantes recollidos nas consideracións legais e técnicas (mantemento permanente do acceso dos medios dos servizos de prevención de incendios forestais aos puntos de carga de auga e puntos de vixilancia) infórmase favorablemente o estudo de impacto ambiental do PE Lamas de Feás situado nos concellos de Baltar, Os Blancos e Calvos de Randín na provincia de Ourense.

O 28/07/2022 o promotor da resposta ao antedito informe.

8. A **Dirección Xeral de Patrimonio Cultural** en data de 23/06/2022 informa que dende o punto de vista da protección do patrimonio cultural, ao obxecto de poder continuar coa tramitación e análise do expediente, é necesario modificar e completar os seguintes aspectos:



- I. Deberán eliminarse os aeroxeradores AE1 e AE2 e as súas infraestruturas asociadas polo seu forte impacto sobre o xacemento arqueolóxico do Castelo da Guioncha, que se considera incompatible coa protección e a conservación dos valores deste xacemento arqueolóxico afectado.
- II. Deberá revisarse *in situ* o cumio da Vela de Pexeiros na procura de indicios ou referencias relacionadas co Foxo dos lobos do Cebreiro. No caso de atopar evidencias, valorarase a afección da posición do aeroxerador AE7, que quedará condicionada ao resultado desa valoración.
- III. Deberá aportarse información de detalle na que se reflecta a situación exacta da Fonte da Cunca (E-1), e do trazado definitivo do vieiro acondicionado ao seu carón, aos efectos de valorar a afección real do ben. De todos xeitos, as obras de acondicionamento da pista que serve de acceso ao aeroxerador AE4 deberán adaptarse á rasante existente ao seu paso polo contorno de protección do elemento Fonte da Cunca (E-1) e axustarase o máximo posible ao ancho actual podendo ampliarse en caso imprescindible sempre cara ao lado contrario ao ben, respectando sen alterar a franxa existente entre a pista e o elemento.
- IV. Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc). Identificaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.

O 29/12/2022 o promotor da resposta ao antedito informe e remite o documento "*Avaliación de Impacto sobre o Patrimonio Cultural do parque eólico Lamas de Feás. Concellos de Calvos de Randín, Baltar e Os Blancos (Ourense). Anexo a Memoria*".

En data de 20/01/2023 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, en base ao indicado polo promotor e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, emite un informe favorable ao documento de "*Avaliación de Impacto sobre o Patrimonio Cultural do parque eólico Lamas de Feás. Concellos de Calvos de Randín, Baltar e Os Blancos (Ourense). Anexo a Memoria*", que recolle as modificacións introducidas no deseño, requiridas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no informe do 23/06/2022, e o cumprimento das medidas protectoras e correctoras indicadas no Memoria da avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural do EslA e o anexo desta agora presentado, así como do resto de condicións e consideracións indicadas no informe da DXPC do 23/06/2022.

Asemade, no dito informe, se recollen as condicións para a implantación do parque.

9. A **Dirección Xeral de Patrimonio Natural** informa en data 10/06/2022 que en base á documentación dispoñible na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, dos datos achegados polo Servizo de Patrimonio Natural de Ourense e a documentación aportada polo promotor, non é posible determinar con total seguridade que non se vaian producir efectos negativos sobre os valores naturais.

Para que a Dirección Xeral de Patrimonio Natural puidera pronunciarse é preciso que o estudo de impacto ambiental estea actualizado e terminado; e non pode dicirse que así sexa cando os inventarios que serven de base á análise son do ano 2011 e 2012 e están incompletos ou son claramente



insuficientes. É necesario sinalar que é responsabilidade do promotor, de acordo co establecido no artigo 35 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, a elaboración do estudo de impacto ambiental.

En data de 20/12/2022 a Dirección Xeral de Patrimonio Natural remite un informe adicional en materia de efectos sinérxicos e aditivos, no que tras analizar a documentación obrante nesa Dirección Xeral conclúe que á vista dos antecedentes e da análise e valoración realizada sobre os posibles efectos acumulativos e/ou sinérxicos do parque eólico Lamas de Feás, informase que o proxecto non provoca efectos sinérxicos incompatibles no ámbito das competencias desa Dirección Xeral.

En todo caso, no mesmo informe conclúe que *"o proxecto presenta impactos acusados sobre o patrimonio natural e a biodiversidade e, por tanto, emítese informe desfavorable"*.

O 13/01/2023, recíbese na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático a resposta do promotor aos anteriores informes da DXPN.

O 15/01/2023 dá resposta ao escrito do Promotor; na mesma, e despois de valorar os argumentos do promotor, conclúe que en base á información dispoñible na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, dos datos achegados polo Servizo de Patrimonio Natural de Ourense e a documentación aportada polo promotor, infórmase que o proxecto afectaría a unha zona de importantes valores naturais, con presenza de especies moi ameazadas recollidas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, e polo tanto é incompatible coa preservación dos valores naturais.

Por este motivo a DXPN emite informe desfavorable.

10. A **Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal** en data 17/06/2022 informa favorablemente o proxecto e recolle diversas mediadas que o promotor debería ter en conta no momento do execución do mesmo.
11. O **Instituto de Estudos do Territorio** en data 31/05/2022 informa que o principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual producida polos aeroxeradores, que pola súa forma e altura, serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará durante o tempo no que estean presentes as instalacións, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Neste caso, entre as áreas afectadas pola incidencia visual caben destacar os valores estéticos dos afloramentos rochosos presentes na contorna, as AEIP, e os núcleos rurais próximos. Esta incidencia visual, aínda que non pode ser mitigada con medidas correctoras agás nos núcleos rurais, non supón un impacto crítico.

O contido do novo EIIP axústase en xeral ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG. Non obstante, tal e como se tiña indicado no informe do 19/04/2022, en relación ás afeccións sobre o LEIP Penedo das Fatigas e outros afloramentos rochosos como os de A Aguioncha, de acordo coa directriz de paisaxe DX.17.a.4 deberanse estudar alternativas de localización para os aeroxeradores AE-01, AE-02 e AE-06 que eviten a afección sobre estes elementos compositivos das paisaxes os cales definen unha das maiores singularidades paisaxísticas destes altos, ou no seu caso, a correspondente xustificación da non viabilidade técnica das mesmas.

Así mesmo, deberase completar o estudo dos efectos sinérxicos con outros parques, incluíndo na análise realizada as infraestruturas do parque eólico Pico Corvaceira, situado a unha distancia de 1,8 km ao oeste, e que segundo o visor do rexistro eólico de Galicia atópase en tramitación.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.



O 04/01/2023 o promotor da resposta ao antedito informe.

12. A **Sociedade Galega de Historia Natural** en data 10/05/2022 indica diversas cuestións, que na súa variante ambiental son recollidos polos organismos responsables.

Así mesmo, consta un informe do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria de Ourense na súa condición de unidade tramitadora do órgano substantivo, que recolle as características técnicas do proxecto, un resumo da tramitación practicada no expediente, tanto no referente á obtención dos condicionados técnicos do proxecto como á tramitación ambiental e os resultados da información pública, e no cal conclúe que procede continuar coa tramitación da avaliación de impacto ambiental e autorización administrativa previa.

Segundo o previsto polo artigo 24 da Lei 9/2021/ do 25 de febreiro, de simplificación administrativa y de apoio á reactivación económica de Galicia, enténdese que os informes non remitidos é debido a que o órgano substantivo entendeu que son favorables.

### 2.3. Alegacións

No tocante a alegacións con contido ambiental, no expediente remitido polo órgano substantivo constan as presentadas por 1.756 particulares, asociacións de ámbito ecoloxista e asociacións de veciños.

Unha parte do contido de varias das alegacións non reviste carácter ambiental, referíndose a cuestións alleas ao ámbito competencial do órgano ambiental (bens e dereitos afectados, afección económica ás explotacións forestais e agro-gandeiras e retorno social, expropiacións de terreos, seguridade industrial, Plan sectorial eólico, fragmentación do proxecto, aspectos urbanísticos, etc.) que de ser o caso son obxecto doutras fases da tramitación por parte do órgano substantivo de cara ao outorgamento da autorización administrativa do proxecto, ou ben non atinxe á tramitación da avaliación de impacto ambiental de proxectos de cara á formulación da declaración de impacto ambiental.

### 3. ÁMBITO DA DIA

Unha vez efectuada a análise do expediente, cabe indicar que o proxecto do parque eólico Lamas de Feás consiste na instalación e explotación dun parque eólico de 33 MW de potencia total nos concellos de Os Blancos, Baltar e Calvos de Randín (Ourense), constituído por 5 aerogeradores de 6,6 MW de potencia nominal unitaria, que se localizarán dentro do polígono definido polas seguintes coordenadas UTM (ETRS89, fuso 29):

Vértices poligonal	UTM X	UTM Y
1	599.655	4.647.395
2	599.776	4.644.323
3	597.235	4.644.256
4	596.061	4.644.909
5	594.368	4.644.689
6	593.975	4.647.685

A localización dos aerogeradores e demais infraestrutura asociada ao parque eólico será a que se recolle no plano 1.1-Situación Alternativa, da "Addenda ao estudio de Impacto ambiental do parque eólico Lamas de Feás" de decembro de 2022.





#### 4. PROPOSTA

Logo de finalizar a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental e á vista do informe desfavorable da Dirección Xeral de Patrimonio Natural e das cautelas establecidas polo Instituto de Estudos do Territorio, considerase que a actuación proxectada non é ambientalmente viable polo que se propón formular a declaración de impacto ambiental desfavorable do proxecto.

O Subdirector xeral de Avaliación Ambiental  
Juan Manuel Camiño Soto (asinado electronicamente)

#### RESOLVE

Formular a declaración de impacto ambiental desfavorable do proxecto do parque eólico Lamas de Feás, promovido por Greenalia Wind Power Lamas S.L.U. nos concellos de Os Blancos, Baltar e Calvos de Randín (Ourense), nos termos propostos polo Servizo Avaliación Ambiental de Proxectos, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Esta declaración de impacto ambiental farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia* e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e se lle remitirá ao órgano substantivo para os efectos que correspondan no marco do procedemento de autorización administrativa das instalacións.

De acordo co artigo 41.4 da lei de avaliación ambiental, a declaración de impacto ambiental non será obxecto de recurso algún sen prexuízo dos que, se é o caso, procedan na vía administrativa e xudicial fronte o acto polo que se autoriza o proxecto.

Santiago de Compostela, (na data da sinatura electrónica)

A Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático  
María Sagrario Pérez Castellanos (asinado electronicamente)

